



C O N C E L L O
A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
EN DATA 28 DE XUÑO DE 2016.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e quinze minutos do día vinte e oito de xuño de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida **polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:**

- **Dª. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **Dª. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

Non asiste o sr. D. Paulino Rodriguez González

Asiste como Secretaria a do Concello Dª. Julia Mª. Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR (ORD. 14.06.2016)

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 1 de xuño de 2016, ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos presentes na mesma.

PUNTO 2.- INFORMES

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 15 de xuño de 2016 comunicando a sentenza ditada o 7 de xuño de 2016 pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 7313/14 entablado por POALLO, S.L., contra a resolución presunta do Concello da Guarda e da Xunta de Galicia desestimatorias das reclamacións de responsabilidade patrimonial presentadas polo demandante pola anulación da licenza de obras para vivenda unifamiliar na suma de 678.350,87 euros máis intereses. A sentenza considera que a indemnización que merece son 79.199,28 euros, intereses incluidos, devengando dita cantidade intereses dende a data de notificación da sentenza.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contenido da sentenza que se comunica o 7 de xuño pasado e acorda dar traslado da mesma á Oficina Técnica Municipal para a súa constancia no expediente, así como o departamento de Intervención e Tesoureiría. Acorda tamén notificar dita sentenza á Entidade Aseguradora Generali comunicándolle que debe aboar dita suma no prazo de dous meses, segundo a sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra do 29 de outubro de 2015.



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 3.272 de data 26 de febreiro de 2016, presentado por D. F.D.V., con enderezo na rúa Baiona, nº 6-2º Esquerda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Baiona, nº 6-2º Esquerda.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaracion da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 3.858 de data 15 de xuño de 2016, presentado por D. I.F.P., con enderezo na Praza de San Benito, nº 2-2º Esq. de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Praza San Benito, nº 2-2º Esq.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 4º trimestre do ano 2016 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre de 2017 incluido, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 1.959 de data 1 de abril de 2016, presentado por D. J.P.M., con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 63-3ºD de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Concepción Arenal, nº 63-3ºD.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 3º trimestre do ano 2016 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 2º trimestre de 2017 incluido, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 1.445 de data 4 de marzo de 2016, presentado por D. M.M.L, con enderezo na rúa Rosentes, nº 41 de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Rosentes, nº 41.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 3º trimestre do ano 2016 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 2º trimestre de 2017 incluido, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

PUNTO 3.- ACORDOS

Vista a Orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (ADLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se procede a súa convocatoria, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA acollerse a dita liña de subvencións para o proxecto “A Guarda - O mar do Miño”.

Lese o escrito RE 147 de data 8 de xaneiro de 2016, presentado por D. INDALECIO RODRIGUEZ RODRIGUEZ, con enderezo na rúa Tomiño, nº 1-3ºD da Guarda,



C O N C E L L O A GUARDA

(PONTEVEDRA)

solicitando o cambio de auga de obra para auga de consumo normal para o obxecto tributario 1ª Transv. Coruto Vello, s/n, dado que xa remataron parte da obra que tiñan previsto realizar e non van rematar ó resto.

A Xunta de Goberno Local acorda denegarle a súa solicitude posto que non hai vivenda e dar traslado deste acordo ó fontaneiro municipal para que proceda ó corte da auga de obra.

Visto que a Xunta de Goberno Local acordou na súa sesión de data 24 de febreiro de 2016 solicitar, de acordo coas bases do PPOS 2015, a aplicación da baixa na adxudicación da obra "Urbanización Rúa Calvario" ós seguintes investimentos:

- "Anexo Urbanización rúa Calvario" por un importe de 14.811,07 euros.
- "Dotación de pluviais entre cruce de Santo Tomás e Transversal Oliva con reposición de pavimento e beirarrúas" por un importe de 38.807,20 euros.

Visto o proxecto "Dotación de pluviais entre o cruce de Santo Tomás e Transversal Oliva con reposición de pavimentos e beirarrúas" redactado polo arquitecto técnico municipal D. Hermelindo Martínez González por un importe de 38.807,20 euros.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Aprobar o proxecto "Dotación de pluviais entre o cruce de Santo Tomás e Transversal Oliva con reposición de pavimentos e beirarrúas" redactado polo arquitecto técnico municipal D. Hermelindo Martínez González por un importe de 38.807,20 euros

Lese o escrito RE 3.716 de data 9 de xuño de 2016, presentado por D. JOSÉ ELIAS REBOLLAR VEGA, en representación da Asociación Cultural Virxe da Guía, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Concepción Arenal, nº 50 da Guarda, solicitando autorización para a celebración das festas na honra da Virxe da Guía. Asimesmo solicitan:

Autorización para a celebración o día 1 de setembro do "Día de los niños y jóvenes" na praza de Avelino Vicente, necesitando para elo o palco e o peche das rúas colindantes.

Autorización para tirada de fogos de artificio o domingo pola noite no porto da Guarda e redacción dun plan de emergencias para elo

Autorización para a celebración da tradicional carreira pedestre o día 28 de agosto polas rúas de costume, necesitando para elo vallas, cinta de balizamento e a colaboración da Policía Local e de Protección Civil.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

1º.- Comunicarlle á asociación organizadora que a autorización para a celebración de festas ten un procedemento e uns requisitos propios, polo que debe dirixirse ó Departamento de Secretaría do Concello da Guarda para obter a información necesaria para a súa tramitación.

2º.- Autorizar a celebración do "Día de los niños y los jóvenes" na praza de Avelino Vicente coa limitación horaria da 01:00 horas da mañá, recordándolles que o peche das rúas non pode, en ningún caso, inhabilitar a baixada ó Porto.



**C O N C E L L O
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

3º.- Autorizar a tirada de fogos de artificio o domingo pola noite sen prexuizo das autorizacións doutras administracións competentes.

4º.- Autorizar a celebración da carreira pedreste e colaborar na súa celebración como é costume, recordándolle que non se poderá utilizar pintura nos tramos de rúa empedrados.

5º.- Dar orde ós técnicos para a redacción do plan emergencias.

Dase conta do escrito RE 4.035 de data 22 de xuño de 2016, remitido pola XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, comunicando a autorización á Comunidade de Montes da Guarda para a corta de madeira e roza na parcela 957 do polígono 24.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 3.874 de data 15 de xuño de 2016, presentado por D. JESUS MARTINEZ GONZALEZ, en calidade de Presidente da Comunidade de Propietarios Los Castaños, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Baiona, nº 3-2ºD da Guarda, solicitando que durante as Festas do Monte o Concello envíe o tractor de limpeza á rúa que hai entre Transversal Troncoso e rúa Baiona, así como tamén os espacios que hai entre os diferentes bloques da propia rúa Baiona e nas entradas ós garaxes.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 4.029 de data 22 de xuño de 2016, presentado por PILAR LOMBA PACHECO, con enderezo na rúa Carril - San Caetano, nº 18 da Guarda, solicitando que se tomen medidas para solucionar os problemas de caídas que está a causar o estanque de auga da Alameda.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se buscarán solucións ó problema.

Visto que a Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 14 de xuño de 2016 acordou solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra a sinatura dun convenio para subvencionar a realización do proxecto "Actuacións sendeiro azul" cun orzamento de execución de 13.631,80 euros, e

Visto que a propia Deputación de Pontevedra informou que o importe consignado para dito proxecto é maior,

A Xunta de Goberno Local ACORDA:

Modifica-lo proxecto "Actuacións sendeiro azul" e solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra a sinatura dun convenio para subvencionar a realización de dito proxecto cun orzamento de execución de 16.666,65 euros

Sendo as oito horas e corenta e cinco minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.